

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS Ó PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACION DO SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “ SERRA DE OUTES” 2014-----

Sendo as 12:30 horas do día 4 de xuño de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais don Angel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, dona Paz Abraira Sobrado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ana Isabel Saez Mancebo Letrada Asesora, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

Antes de proceder á apertura da documentación presentada pola única empresa que se presentou á licitación, A BILLARDA S.L, o Secretario da Mesa informa ós membros da Mesa de Contratación da presentación dun escrito de alegacións por parte da empresa A BILLARDA S.L. en data 27 de maio de 2014 , esto é, durante o período de presentación de ofertas, e que se manifesta a existencia de certas discordancias entre a realidade e a información reflectida nos pregos así como falta de claridade respecto da subrogación do persoal afirmando que estamos ante un suposto do artigo 44 polo que a subrogación, aínda que non imposta convencionalmente nin polo prego, sí deriva da Lei.

Manifestan que non se tivo en conta a existencia dun trienio de antigüidade dunha traballadora e que non se tivo en conta que o plus de transporte das dúas traballadoras é cotizable.

O Secretario da Mesa dá lectura o informe do Servizo de Intervención de data 28 de maio en relación coas aelgacións presentadas e que textualmente dí:

INFORME SOBRE CONTESTACIÓN O ESCRITO PRESENTADO POLA EMPRESA A BILLARDA S.L. CON DATA 27/05/2014 SOBRE ALEGACIONES:

Con data 27 de maio de 2014 preséntase no Rexistro deste Concello “escrito alegatorio do contrato administrativo para a contratación dun servizo de cociña para a escola infantil Serra de Outes do Concello de Lugo 2014” pola empresa A Billarda por medio do representante da mesma D. Víctor Manuel Perez López.

Ante o escrito presentado cabe informar que o presuposto máximo de licitación por importe de 52.842,12 Euros, ive incluído, recolle os custos necesarios (persoal, segundo o “XI convenio colectivo estatal de Centros de asistencia y educación infantil”, absentismo, materiais, comida), para a boa prestación do contrato así como se engade unha porcentaxe para gastos xerais e beneficio industrial, ponderándose a súa valoración a prezos actuais de mercado, polo que os custos recollidos nos mesmos son suficientes para cubrir os gastos que se xeneren polo servizo de cociña.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refº: ACTA APERTURA SOBRE A SERVICIO COCIÑA SERRA DE OUTES

Asunto:

Aclarar que o Convenio citado non recolle ningunha clausula de subrogación polo que no anexo que se recolle no prego de clausulas administrativas simplemente infórmase sobre os traballadores que a empresa ten neste momento e coa información facilitada pola mesma.

En relación coa subrogación precisamente o prego de cláusulas administrativas é claro cando sinala que non existe no Convenio Colectivo de aplicación obriga de subrogar e que debe estase ao establecido na lexislación laboral.

Por este motivo se adxunta no prego información dos custos salariais dos traballadores adscritos a este contrato actualmente para que os licitadores teñan información suficiente para a confección da súa oferta no caso de existir subrogación legal de traballadores, polo que o prego é suficientemente claro neste aspecto.

En consecuencia os membros da Mesa acordan non aceptar as alegacións presentadas pola empresa A BILLARDA S.L.

A continuación se procede á apertura do sobre A comprensivo do ANEXO IV. Seguidamente se procede á apertura do sobre B resultando a seguinte oferta:

- Un prezo de 47.500 euros anuais máis o IVE (10%) – 4.750 euros, resultando un total ofertado de 52.250 euros

* Achega desglose coa súa oferta.

- A realización de 40 horas totais anuais formativas para o persoal encargado da execución do contrato

* Achega plan de formación que inclúe un Curso de “ Seguridade alimentaria e nutrición e alimentación” cunha duración de 20 horas para cada traballador.

En consecuencia a Mesa de Contratación acorda seleccionar á empresa A BILLARDA S.L. por presentar a oferta economicamente máis vantazosa.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:15 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA,



Asdo.: Sonia Méndez García

O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz